

Verbum Casa das Palabras

UN MAR DE LIBROS

Do 7 ao 30 de agosto

Casa das Artes

DIÁLOGOS COA IMAXE  
CONTEMPORÁNEA EN VIGO

Do 7 de agosto ao 13 de setembro

Casa Galega da Cultura

INTERPRETANDO  
AS TRADIÇÕES

Do 7 ao 30 de agosto



A partir do  
7 de agosto de 2015

.....

Verbum Casa das Palabras  
Casa das Artes  
Casa Galega da Cultura

CONCELLO  
DE VIGO



# ECLECTI CIVADE

A NOITE BRANCA 2015

## CONCELLO DE VIGO

**Abel Caballero Álvarez**  
Alcalde de Vigo

**Cayetano Rodríguez Escudero**  
Concelleiro da Área de Cultura

**Jesús López Moure**  
Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural

**Ignacio Oliveira López**  
Xefe do servizo de Museos Municipais

## EXPOSICIÓNS

Proxecto e dirección  
Servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo

Comisario  
**Rubén Rodríguez de Torres**

Concerto de Inauguración  
**Caspervek**

Produción e montaxe  
**Colectivo Latente**

## CATÁLOGO

Tradución e revisión de textos  
**Nuria Rodríguez**

Deseño Portada  
**David de la Iglesia**

Deseño interior catálogo  
**Ecovigo**

Impresión  
**Lúa Gráfica**

Depósito Legal

## EclectiCIDADE

EclectiCIDADE é o nome que dá título a un ciclo de tres exposicións que se desenvolverán simultaneamente no Concello de Vigo durante o mes de agosto e que se enmarcan dentro da programación de *A noite branca*.

En cada unha das exposicións reúnen os traballos de diversos creadores da cidade ou intimamente vinculados a ela. O nexo común das tres mostras foi reunir as múltiples manifestacións artísticas en torno á imaxe que se está a orixinar na actualidade dentro da cidade de Vigo. O reto dun proxecto coma este é o de conciliar nun mesmo espazo expositivo diversas ideas e tendencias, ademais de dar cabida a un numeroso grupo de fotógrafos e artistas visuais que abordan a realidade dende diferentes prismas e que mostran o bó estado e a calidade das propostas do medio non só dentro da cidade de Vigo, senón tamén dentro do panorama artístico actual galego.

EclectiCIDADE desenvólvese dentro dunha cidade que, por tradición e debido a súa situación estratéxica entre ambos continentes, foi dende sempre un foco constante de influencias externas que soubo asimilar e acoller multiplicidade de formas e estilos de vida que permanecen recollidos, por exemplo, na súa arquitectura con obras significativas de arquitectos como Jenaro de la Fuente e Michel Pacewicz.



## **CASA DAS ARTES**

### **“Diálogos coa imaxe contemporánea en Vigo”**

#### **Lugar:**

Policarpo Sanz, 15. 36202 VIGO

#### **Horario da sala:**

De luns a venres.- De 18:00 a 21:00 h

Sábados.- De 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h

Domingos e festivos.- De 12:00 a 14:00 h

#### **Datas da exposición:**

Do 7 de agosto ao 13 de setembro de 2015.

Visitas guiadas: do 7 ao 11 de setembro coa presenza dos autores,  
a partir das 20:00 h

---

A planta baixa da Casa das Artes de Vigo acolle os traballos de 13 artistas visuais emerxentes da cidade de Vigo. Nesta exposición conviven proxectos visuais moi heteroxéneos entre si que abordan temas como a memoria, o cine, os conflitos bélicos, a paisaxe, a arquitectura e a identidade en obras realizadas baixo diferentes linguaxes como a fotografía, o vídeo, a fotomontaxe ou os límites entre videoarte e cine.

Na última semana de exposición vanse realizar visitas guiadas por parte dos artistas para que o público que o desexe poida coñecer de primeira man as motivacións de cada autor/a e a súa obra.

---



“SEN TÍTULO”  
**ANA FRESCO (Vigo, 1973)**

O presente proxecto é un “work in progress”, que nace como unha ramificación do meu traballo “Los otros”, seleccionado como finalista en Descubrimientos PhotoEspaña 2015. Se en “Los otros” se exploraba a relación entre alteridade e identidade, neste novo proxecto dáse unha volta de rosca ao concepto lacaniano de “el otro” e xérase un discurso narrativo a partir da creación dun “alter ego” da propia autora.



### “LIFE IS A CREEPY SILENCE”

**CRISTINA BREA (Vigo, 1973)**

A vida está repleta de inmensos silencios que todo o abranguen. Se tivéssemos que elixir un só trazo definitorio da fotografía de Cristina Brea ese sería sen dúbida o silencio; mais un silencio húmido, sombrío e cheo de matices. Chans que renxen ao pisalos, rumores de auga en fuga incesante, iso denota o traballo de Cristina Brea se un o mira coa atención debida; e máis que nada o silencio sobre todas as cousas: xélidos espazos onde reina e habita o desasosego. Ninguén habita eses lugares, salvo ela e o(s) silencio(s), soa, en incontables salas de espera, en angustiosos corredores, nunha infinidade de autorretratos aos que as tenras caricias dunhas sabas un tanto solitarias serven de banda sonora, nun escenario calquera onde a monotonía diaria fai da existencia pouco máis que un romance audaz e inquietante. Iso é a vida para ela: un berro seco, primario, que tradea os sentidos, tan só roto de cando en vez polo abrigo que lle brindan os observadores seducidos pola súa fotografía.

Jorge Luis Bueno

### “CARAS”

**DANIEL GARZEE (Vigo, 1990)**



“Caras” reúne dous proxectos fotográficos nun. Por un lado, a serie “El viaje”, que consta de tres retratos en branco e negro, e polo outro, a fotografía independente “Mujer Amarilla”. Os dous proxectos xorden dunha mesma idea pero cada un execútase de xeito diferente. O branco e negro fronte á cor. A parede fronte ao manto. A fotografía fronte a pintura. Pero sempre con algo en común: o rostro. A cara como espello e faces melancólicas. A viaxe parte da idea de intentar reflectir un momento fugaz no tempo. Partindo da seguinte idea, “o final non é máis que unha inspiración pulmonar momentánea a cámara lenta”, téntase plasmar ese instante no que acontece a perda, o final de algo. Presentando tres individuos nese estado transitorio e fugaz, illados, mostrando unicamente o seu rostro. Imaxes melancólicas acerca da parte máis triste e repetida da nosa viaxe. En “Mujer Amarilla” encontramos un retrato máis clásico, que mira ao pasado, ás fontes históricas da luz de Caravaggio ou do retrato victoriano.



**“VARIACIONES DE MONOTONÍA”**  
**JACOBO PÉREZ BOUZADA (Vigo, 1978)**

Baixo a rutina de cada día aparecen lugares e seres que cría ter visto só nos meus soños, permanecen ocultos no máis fondo do subconsciente ata que no simple acto de mirar xorde a realidade.

Mirar. Trátase de algo tan obvio e ao tempo tan estraño... Cada volta menos común. Obrigas, horarios e rutinas guían a nosa vida, de xeito que moitas veces perdemos a capacidade de ver aquelas cousas que temos máis preto. Este traballo é o resultado dun gran reto: o reto de volver mirar.

Da beleza do cotián, do impacto do frecuente, e de atopar a perspectiva adecuada da nosa propia ollada. Gustaríame transmitirlles a aqueles que paseen algunha vez por este pequeno espazo elaborado con coidado e paixón, que cada imaxe é única e que cada ollo é diferente; feito a si mesmo. Onde un verá beleza outro sentirá cansazo.





## “THE FIGHT FOR DONETSK”

**Juan Teixeira (Vigo, 1983)**

A autoproclamada República Popular de Donetsk é unha zona caótica, onde os separatistas loitan palmo a palmo contra as tropas do exército ucraíno. Os civís fuxiron en masa das zonas máis conflictivas, mentres ca outros intentan seguir coa súa vida normal no medio dun conflito que deixou xa máis de 6.000 mortos.

A serie "The fight for Donetsk" foi realizada a finais de 2014, mentres cubría como fotógrafo freelance o conflito ucraíno na rexión separatista de Donetsk. Ademais de cubrir as eleccións da RPD e os efectos da guerra sobre a poboación civil, tiven a ocasión de incrustarme no "Batallón Somalí", o principal grupo de combate separatista dentro do aeroporto de Donetsk, que foi o escenario dos máis duros enfrontamentos coas tropas ucraínas na zona.



**“CÍES (1ª APROXIMACIÓN)”**  
**LUIS DÍAZ DÍAZ (A Coruña, 1978)**

Disfrazado de fotógrafo paisaxista, tento de “isolar” (separar) as illas Cíes nunha fotografía, sen éxito.



**“DESHABITADO”**  
**RICARDO PARDO (Vigo, 1972)**

Chámanme a atención eses lugares abandonados, ver como o paso do tempo os deteriora pouco a pouco. Sorpréndeme cada estancia que visito, e déixome levar por esa luz que atravesa unha ventá e ilumina ao seu antollo eses cuartos onde tempo atrás houbo vida.



## “MORIANA”

**ROI ALONSO (Vigo, 1979)**

Moriana é unha das cidades que o escritor Italo Calvino describía no seu libro “As cidades Invisibles”, unha sorte de relatos que supostamente Marco Polo contaba ao emperador dos tártaros Kublai Khan.

Presentándonos as cidades a través de pequenos detalles, sensacións, cheiros,...; unha serie de elementos que serven para que se venere na nosa mente a idea dunha cidade imaxinaria.

A idea deste proxecto é crear esa cidade inexistente a partir do real. Estas imaxes pretenden ser os pequenos detalles que axuden ao espectador a xerar a cidade. Sendo os edificios, os ocos e o entorno, as palabras e a maneira de entroncalas, o punto de vista e a xeometría da arquitectura as frases que conforman o texto.

Esta cidade resultante non é máis nin menos certa que real e sen embargo é imaxinaria e persoal. É unha cidade intencionada que forma parte do conxunto de cidades infinitas que existen nela mesma.



**“DIVAS DE CINE NEGRO”  
ROSA NEUTRO (Cangas, 1979)**

Acende a chama con que acalmas  
o aterecido corazón,  
sensualidade, mal de almas!  
Diva, escoita esta oración!

Deusa nos aires espallada,  
No escuro, chama extraordinaria!  
Escoita unha alma que enfastiada  
Che ergue de bronce unha pregaria!

Sempre me has ter na túa tea!  
Adopta a forma de serea  
feita de carne e de veludo

Oh verte en min un sono mudo  
de viño místico e enorme,  
oh meu espectro multiforme!

[“A pregaria dun pagán”].  
Charles Baudelaire. As flores do mal]



**“DA DURACIÓN”**  
**XABIER FERNÁNDEZ (Vigo, 1964)**

Algunhas das distintas formas nas que o tempo  
deixa a súa inevitable pegada nas cousas.



**“SEN TÍTULO”**  
**SANDRA MG (Vigo, 1990)**

A serie trátase dun conxunto de fotografías, escenas do día a día plasmadas cun punto de vista inquietante,  
onde imperan o silencio, o contraste e as formas sobre o significado real dos espazos.



**“CINE MIGRANTE”**  
**XISELA FRANCO (Vigo, 1978)**

Varias películas instaladas:

1- VÍA LÁCTEA: En “Vía Láctea” Xisela Franco, a xeito de Madonna co seu bebé presenta o seu autorretrato de maternidade. Sobre os seus corpos nus proxéctase unha película de 16 mm, restos de celuloide antigo, material reutilizado e pintado por ela fotograma a fotograma con pigmentos.

2- HYOHAKUSHA: Díptico codirixido con Anxela Caramés. Hyohakusha é unha viaxe a Xapón, pasando por Galiza. Dúas mulleres cineastas recuperan uns rolos de Super8 que mostra a viaxe de dous galegos a Xapón en 1973, e con ese material realizan unha película na que engaden imaxes rodadas por elas, tamén en Super8, en Galiza. As dúas paisaxes confúndense nunha narración visual pero tamén literaria impregnada de haikus de Matsuo Basho e historias de mulleres xaponesas en Galiza.

3- Outros filmes.



## “BURKAS”

**JULIA ARANDA GIRÓN (Vigo, 1985)**

A serie Burkas é unha mostra de como nos modelamos ante as esixencias do mercado. Un elemento de uso cotián, unhas medias que cobren corpos femininos, figuras que nun principio resultan belas, pero que nos achegan a unha realidade diferente. O que nun principio se presenta como algo fermoso, mostra unha serie de corpos sen vida, inmóbiles como estatuas, alleos á súa propia realidade. O elemento cotián, inocente nun principio, transfórmase en algo que afoga, comprime e deforma. Utilizando unha linguaxe propia da fotografía publicitaria, estas imaxes son o reflexo dunha pequena loita, contra as presións ás que nos sometemos diariamente, dun culto ao corpo incoherente e fóra de lugar, a incomodidade como beleza.

# CASA DAS ARTES

## PROXECCIÓNS

**Lugar:**

Policarpo Sanz, 15. 36202 Vigo

**Horario da sala:**

Venres: 20:00 h e 23:00 h (dous pases)

**Data de proxeccións e concerto:**

7 de agosto

---



Caspervek  
**Grupo Musical**

Caspervek Trío é unha agrupación instrumental formada en Vigo en 2013 que trata de achegar a música a distintas disciplinas artísticas, conxugando elementos visuais e sonoros.

Unha das actividades principais do trío é a composición e musicalización en directo de películas clásicas do cine mudo, así como proxectos de creación audiovisual contemporánea e concertos didácticos.



A  
U  
T  
O  
R  
E  
S  
  
F  
O  
T  
O  
G  
R  
Á  
F  
I  
C  
O  
S



**"OTRAS MIRADAS"**  
**ÁLEX ROMERO**



**"RETRATOS ROTOS"**  
**ANTONIO GUTIÉRREZ**



**"FINIS TERRE"**  
**MARTA MOREIRAS**



**"BEHIND THE WATERFALL"**  
**DAVID BARREIRO**



**"PARA TUS HERMOSOS OJOS"**  
**BRANDAN GÓMEZ**



**"AO BORDEL"**  
**VIRGINIA GONZÁLEZ**

# **CASA GALEGA DA CULTURA**

## **“Interpretando as tradicións”**

### **Lugar:**

Praza da Princesa, 2. 36202 Vigo

### **Horario da sala:**

De luns a venres.- De 18:00 a 21:00 h

Sábados.- De 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h

Domingos e festivos.- De 12:00 a 14:00 h

### **Datas da exposición:**

Do 7 ao 30 de agosto de 2015

---

Nun dos edificios máis representativos da eclecticidade arquitectónica viguesa, móstranse 3 maneiras radicalmente diferentes de interpretar as tradicións a través da imaxe. Roberto de la Torre mostra parte dun proxecto fotográfico persoal que vén desenvolvendo dende fai anos en torno ás festas tradicionais galegas. Cé Tomé asume o tema da tradición dende unha perspectiva máis transgresora a través do collage e a fragmentación da imaxe. Por último, Alba Fernández Troiteiro coa súa peza audiovisual “Femenino singular” mostra a través da danza ritual a confrontación de contrarios entre home-muller e tradición-modernidade.

---



**“ÁRBORE XENEALÓXICA”  
CÉ TOMÉ**

Como moita xente da miña xeración, nos últimos anos descubrinme unha gran curiosidade respecto das miñas orixes. Cousas que nunca me interesaran, coma a familia ou os devanceiros convertéronse en teimas recorrentes e motivo de investigación. A resulta de todo iso: hoxe podoo dicir que sei de onde veño. Xa só me falla saber cara a onde vou.



**“RETROSPECTIVA”**  
**ROBERTO DE LA TORRE**

Roberto de la Torre móstranos, nesta ocasión, unha obra recopilatoria de diferentes escenas do folclore e tradicións de Galiza.

Festas pagáns de orixe ancestral e veneración das deidades precristiáns, rituais co lume como protagonista ou tradicións de culto cristián compoñen esta mostra da súa extensa obra documental.

É unha arqueoloxía visual das tradicións máis antigas de Galiza que se conservan como fósiles dun pasado, en ocasións, descoñecido.



## “FEMENINO SINGULAR”

**ALBA FERNÁNDEZ TROITEIRO e XANDRE OUTEIRO**

Tratar o corpo como taboleiro de xogo nun torneo de contrarios: grotesco/estético, artificial/natural, masculino/feminino, onde o sinistro e o irónico non se exclúen mutuamente.

Motívame especialmente o performático da representación corporal, a súa caracterización, así como a construción deste dende diferentes prismas onde a peza ou vestimenta está tanto ou máis presente en ocasións que o propio corpo para falar de si mesmo.

Incorporación das expresións da música e baile tradicional ás manifestacións artísticas contemporáneas, sexa no campo estritamente musical coma no escénico e plástico.

Procura constante dos ítems culturais da tradición na busca tanto de puntos de encontro co mundo contemporáneo coma de contradicións entre eses dous mundos. Partindo de aí, traballo coa dualidade en múltiples vertentes, dende o punto de vista do ser humano (masculino-feminino, racionalidade-impulsividade...) como do punto de vista social (tradicional-contemporáneo, urbano-rural, xuventude-senectude, etc.).

## **VERBUM**

### **“Un mar de libros”**

#### **Lugar:**

Av. de Samil, 17. 36212 Vigo

#### **Horario da sala:**

De martes a venres.- De 17:00 a 20:00 h

Sábados, domingos e festivos.- De 12:00 a 14:00 h

Luns cerrado (incluídos festivos)

#### **Datas da exposición:**

Do 7 ao 30 de agosto de 2015

---

O eixo central desta exposición é o libro como fonte de inspiración na obra fotográfica dos autores que nela participan. Nesta mostra pódese ver unha interesante selección de libros que cada un dos 16 artistas escolleu para a ocasión e que acompañan cada unha das fotografías que se exhiben. Cada autor cederá o seu libro para que o espectador poida consultalo durante a mostra.

A escolma persoal de cada libro dá conta da influencia decisiva que estas obras teñen na súa persoal percepción do mundo e no seu proceso creativo.

---



**ANTONIO GUTIÉRREZ**  
CHEMA MADDOZ. OBRAS MAESTRAS // S/T, 2015




**IÑAKI MATILLA**  
De viaje un 11 de Septiembre. Jesús R. Vázquez  
HORA DE PARTIR, 2011



**ANDREA COSTAS**  
La sociedad de la decepción. Gilles Lipovetski // RAW, 2015




**BERTO PEREIRA**  
Viaje a la Costa da Morte. César Antonio Molina // ÁNIMAS, 2014



**CAROLINA MARTÍNEZ**  
4 a 4. Manoel Antonio // NÓS, 1999



**DAVID DE LA IGLESIA**  
Ansel Adams // NEVADO HUASCARÁN, 2010



**MARIAN COUSILLAS**  
El viejo y el mar. Ernest Hemingway // BARRERAS, 2007





**FERNANDO LAFUENTE**

A criança en ruínas. Jose Luis Peixoto  
MI PIEL, 2013



**ÁLVARO RODRÍGUEZ**

Ritmo mareiro. Vari Caramés  
NO HOPE, 2011



**JOSE ROMAY**

Dorchester days. Eugene Richards  
NO GRANDE AZUL, 2009



**TONY VACAS**

Las venas abiertas de América Latina. Eduardo Galeano // VENAS ABIERTAS, 1995



**SARA MIRANDA**

Poemas. Edgar Alan Poe // ANNABEL LEE, 2015



**RAQUEL CALVIÑO**

Tabacaria. Alvaro de Campos // DESFADO, 2014




**PAULA PEZ**

Botánica. André Theron  
CITRUS ANANAS, 2015



**LUCÍA ROMANÍ**

Una historia natural de los sentidos. Diane Ackerman  
S/T (MICROCOSMOS), 2015



**ROSENDO CID**

Jacob von Gunten. Robert Walser // R.W., 2015

# ECLECTI CIVADE

A NOITE BRANCA 2015

## Casa das Artes

### DIÁLOGOS COA IMAXE CONTEMPORÁNEA EN VIGO

“Proxeccións e concerto inaugural”

Policarpo Sanz, 15. VIGO

7 de agosto de 2015

Ás 20:00 h. e ás 23:00 h.

Proxeccións de 6 artistas coa música  
do Grupo CASPERVEK

Policarpo Sanz, 15. VIGO

Do 7 de agosto ao 13 de setembro de 2015

De luns a venres. De 18:00 a 21:00 h.

Sábados. De 12:00 a 14:00 h. e de 18:00 a 21:00 h.

Domingos e festivos. De 12:00 a 14:00 h.

Visitas guiadas: do 7 ao 11 de setembro coa presenza  
dos autores a partir das 20:00 h.

## Verbum Casa das Palabras

### UN MAR DE LIBROS

Av. de Samil, 17. 36212 Vigo

Do 7 ao 30 de agosto de 2015

De martes a venres. De 17:00 a 20:00 h.

Sábados, domingos e festivos. De 12:00 a 14:00 h.

Luns pechado (incluídos festivos)

## Casa Galega da Cultura

### INTERPRETANDO AS TRADICIÓNS

Praza da Princesa, 2. 36202 Vigo

Do 7 ao 30 de agosto de 2015

De luns a venres. De 18:00 a 21:00 h.

Sábados. De 12:00 a 14:00 h. e de 18:00 a 21:00 h.

Domingos e festivos. De 12:00 a 14:00 h.



**REDE DE MUSEOS**  
CONCELLO DE VIGO

**CONCELLO**  
**DE VIGO**

